


Concello de Ponteceso

# O encontro entre o Atlántico e o Anllóns debuxa unha paisaxe única chea de vida

Nesta enseada da Insua, espazo natural protexido, as augas doces do río Anllóns e as salgadas do océano Atlántico mestúranse, creando un medio moi produtivo e rico que cambia coa marea. Fóra do esteiro, a ría de Corme e Laxe ábrese ao océano.




## Monte Branco, xigante de area e atalaia da paisaxe

Baixo os teus pés está o Monte Branco, chamado así por se recubrir de area que agatuña pola aba do monte, empuxada polos ventos do sudoeste. O escritor Eduardo Pondal dedicoulle un poema:

Monte Branco, monte Branco,
cando te vejo de longe
verto a soas triste pranto.

Pois as nosas alegrías
ós dous nos fono fallando:
a ti das túas areas
os ventos te despoxano;
a min tamén me fallecen
aqueles gustos pasados.
¡Ti negreas i eu teño a cabeza
chea de cabelos brancos!

Transcrición orixinal do libro
*Queixumes dos pinos*

**Esta paisaxe forma parte do noso patrimonio natural e cultural e ti estás chamado a conservalo**

**¡Agudiza a vista! Intenta localizar algunha agresión e pensa nas súas consecuencias**

Concello de Ponteceso

DEPUTACIÓN DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Realiza
Tel.: 981265640